

“RECORDOS DE OUTES” BASES DO PROXECTO

1. Finalidade e obxectivos

O proxecto “Recordos de Outes” consistirá na recollida de fotografías antigas que teñan como escenario o concello de Outes. O seu obxectivo principal é preservar e divulgar a memoria histórica local, creando un arquivo dixital de acceso público con fins culturais, educativos e patrimoniais. As imaxes achegadas serán escaneadas no momento e os orixinais devolveranse aos seus propietarios. A través desta iniciativa, búscase poñer en valor o patrimonio fotográfico do municipio e fomentar a participación cidadá na construción da súa memoria colectiva.

En moitas ocasións infravalorada, a fotografía antiga é un testemuño valioso que nos permite afondar no coñecemento do noso pasado. Cada imaxe garda fragmentos da vida cotiá, tradicións, oficios e momentos que marcaron a historia do municipio. Preservalas significa asegurar non só a súa conservación material, senón tamén a memoria colectiva que representan, converténdose en fontes inesgotables de información para futuras xeracións.

2. Fotografías

As fotografías que poderán entregarse deben cumprir as seguintes indicacións:

- Antigüidade: aceptaranse principalmente fotografías anteriores ao ano 2000.
- Temática preferente: as imaxes deben reflectir aspectos do pasado de Outes, incluíndo festividades, oficios, reunións sociais, actividades tradicionais, vida cotiá, deportes, elementos patrimoniais, eventos comunitarios, entre outros.
- Contido inapropiado: Non se aceptarán fotografías cuxo contido vulnere dereitos de terceiros ou inclúa material ofensivo ou inapropiado.
- Relevancia especial: en casos excepcionais, aceptaranse imaxes posteriores ao ano 2000 se documentan acontecementos relevantes para a historia e a memoria colectiva do municipio.

3. Funcionamento

A recollida de fotografía realizarase dende o 8 ata o 18 de abril, de martes a venres de 10:00 a 13:00 na Casa do Concello e de 17:00 a 19:00 na Casa da Cultura. Unha persoa encargada estará dispoñible para recibir, escanear e devolver as fotografías. En caso de acumulación de solicitudes, as fotografías deberán deixarse para retiralas nun prazo acordado.

Os días 17 e 18 de abril, o xoves e venres de Semana Santa, atenderase no Museo da Carpintería de Ribeira "Estaleiro de Ciprián".

Ao momento de entregar as imaxes deberá expoñerse a información que se coñeza sobre o contido das mesmas e firmar a autorización legal correspondente sobre súa cesión.

4. Dereitos e uso de imaxes

- Os participantes ceden ao Concello o dereito de uso das imaxes dixitais para fins didácticos, educativos, culturais ou divulgativos. O concello poderá utilizar as imaxes dixitais ou copias destas imaxes en exposicións, publicacións, redes sociais ou calquera outro medio de difusión e divulgación.
- Os participantes ceden ao Concello os dereitos de reprodución, distribución e transformacións das imaxes dixitais.
- Os participantes autorizarán ao Concello a almacenar as imaxes dixitais no arquivo municipal.

5. Protección de datos

Os datos persoais recollidos serán tratados conforme á normativa vixente en materia de protección de datos. A información utilizarase unicamente para a xestión do proxecto e a xestión interna do arquivo.